

COUSAS DE sanxenxo

Revista de
información local
nº3 / 2011



**MELLORAS NA
PRAIA AREAS**
| 4

**PARQUE RUPESTRE
DE CAMPO LAMEIRO**
| 14

A RUTA DO ALBARIÑO
| 10

**A LENDA DE
PEPA A LOBA**
| 8





Financiación
a su medida

- Asistencia odontológica personalizada
- Profesionales altamente cualificados
- Tecnología punta en el sector
- Garantía escrita por 10 años de nuestros tratamientos
- Financiación a su medida

Acércate a Eurodental y descubrirás la calidad y seriedad de sus servicios

Vigo: C/ Barcelona, 25 bajo

Portonovo: Ctra. A Lanzada, 19 bajo

Cangas: Avda. de Bueu, 2 - 1ºD

986 720 884

www.eurodental.es



eurodental
ASISTENCIA ODONTOLÓGICA INTEGRAL

Tu sonrisa habla por ti.

**La experiencia,
la innovación
y la profesionalidad
hablan por nosotros.**

IMPLANTOLOGÍA

ESTÉTICA DENTAL

ORTODONCIA

LÁSER


eurodental
ASISTENCIA ODONTOLÓGICA INTEGRAL
Portonovo: Ctra. A Lanzada, 19 bajo

Revisión y limpieza bucal GRATUITAS

*El portador de este talón obtendrá
una revisión y una limpieza bucal **GRATIS**
cuyo coste es de **60,10 euros***

Condiciones de validez:
Promoción no acumulable. No es canjeable por dinero. Personal e intransferible.

Firma P. P.

Válido hasta



ÍNDICE

4	SANXENXO
8	LENDAS
10	TURISMO
14	HISTORIA
16	OCIO
18	AXENDA
20	SERVIZOS
22	QUÉN É QUÉN NO RUEIRO

Nº 3 / 2011
Revista de información local

Xestión Publicidade:
cousasde@edicionesbasan.com

Edita:
EDICIONES BASAN, S.L.
C/ López de Neira, nº3 , 3º
36202 Vigo
Telf.: 986 447 337

Redacción:
QUATROYMEDIA COMUNICACIÓN

Depósito Legal:
C 2475-2010

Distribución:
PUBLICITY

A empresa se reserva todos os dereitos da publicación, sin que poida reproducirse total ou parcialmente o seu contido, sen o consentimento previo dos editores.



MELLORAS NA PRAIA DE AREAS

A praia de Areas é obxecto dun plan de melloras que inclúe o acondicionamento do acceso ao areal, a recuperación do dominio público, e a recollida de pluviais do vial de acceso pavimentado.

A intervención supón a recuperación do dominio público de tres fincas da praia de Areas, sendo necesario tamén trasladar dous postes de electricidade e o camiño de acceso a propiedades, dando continuidade á pasarela actual paralela ao camiño, desplazada en dirección ao aparcamento que se encontra situado ao outro lado do río, no extremo do areal, para recuperar un espazo dunar.

Costas pretende tamén trazar unha pequena rotonda ao final do vial pavimentado para favorecer o cambio de sentido dos vehículos, considerando que esta pista sea só de acceso a residentes.

Para solucionar problemas coas augas pluviais que baixan polo vial pavimentado, o Concello de Sanxenxo habilitará un tubo de recollida que dirixirá ao regato próximo.



O TELEVISIVO PEDRO GARCÍA ORIENTA A 500 ESCOLARES DE SANXENXO

O día 29 de abril tivo lugar unha sesión formativa para prevenir e concienciar dos riscos do uso e abuso de sustancias psicoactivas como o alcohol e as drogas por Pedro García Aguado, coñecido polo seu papel como coach nos programas televisivos de Cuatro 'Hermano Mayor' e 'El Campamento', e campión olímpico de waterpolo.

Participaron nunha sesión matinal máis de medio milleiro de estudantes de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO dos IES Vilalonga e Sanxenxo, e o colexio Abrente, e pola tarde público en xeral no Auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán.

Esta iniciativa, xurdida a través da Asociación de Nais e Pais de Alumnos do IES Vilalonga, foi promovida pola Federación de ANPA O Con, coa colaboración da Concellería de Educación e Cultura de Sanxenxo.



FISIOsaúde SANXENXO
fisioestética - rehabilitación

Grupo
LA FEMME

Centro de belleza y
medicina estética

30
años
contigo



Cuidate también en verano

- Tratamientos Faciales:.....** Radio Frecuencia (tonificación y reafirmación)
Recuperador Electrónico (rejuvenecimiento, arrugas)
Remodeling Face (lifting)
Tratamiento de acné y marcas de acné
- Tratamientos Corporales:...** Radio Frecuencia Accent (tonificación)
Recuperador Indiba (reafirmación)
Cavitación (reducción de grasa)
Presoterapia (circulación)
- Tratamientos Médicos:.....** Eliminación de arrugas de expresión
Relleno de arrugas
Aumento de labios
Fotorejuvenecimiento facial
- Depilaciones:.....** LÁSER SOPRANO (indoloro, sin renunciar al sol, todo tipo de pieles)
Ceras (fría, tibia)

Rúa Madrid, 55 Entlo. B - 36960 SANXENXO
Telf. 986 72 70 20 Fax. 986 72 46 64



RAIAS DE OURO PARA O CLUB DE PIRAGÜISMO DE PORTONOVO E LEOPOLDO PORTELA

O Club de Piragüismo Cofradía de Pescadores de Portonovo e empresario portonovés afincado en Asturias José Leopoldo Portela Gondar recolleron o día 1 de maio as 'Raias de Ouro' nun acto presidido pola alcaldesa de Sanxenxo, Catalina González. Estas distincións, que se otorgan a aquelas persoas ou agrupacións que desempeñan unha destacada labor en favor da vila, coinciden coa celebración da Festa da Raia que este ano cumpríu a décimo séptima edición.

O Club de Piragüismo de Portonovo foi fundado a finais da dñacada dos 70 por un grupo de xóvenes da propia vila e a Confraría de Pescadores San Roque de Portonovo. Ao longo de todos estes anos o club desenvolveu unha importante labor formativa, tanto a nivel deportivo como humano. A promoción deste

deporte constitúe o principal obxectivo do Club de Piragüismo de Portonovo.

Actualmente forman parte desta entidade un total de 61 socios e 53 palistas distribuídos en diferentes categorías como alevín e infantil (entre 8 e 13 anos), cadete (14 e 15), junior (16 e 17), sub-23 (18 a 22), sénior (23 a 34) e veterano (a partir de 35 anos).

O empresario José Leopoldo Portela Gondar naceu en Portonovo en 1934, en no seno dunha familia coñecida por 'Los Chocos'. Tras iniciarse como mariñeiro en su villa de orixe, desenvolveu a súa tarxectoria profesional en Asturias, en empresas de ferraxes para carpintería de aluminio. O actual Grupo Portela Hermanos está consolidado como unha das primeiras empresas do país en carpintería metálica e ferrajería en xeral.

ESCOLARES DE INFANTIL DE A FLORIDA VISITARON A BIBLIOTECA

Escolares de 3, 4 e 5 anos do CEIP A Florida visitaron a principios de maio a Biblioteca Central Emilia Pardo Bazán, para recibir información como usuarios destas instalacións, con explicacións sobre o funcionamento da biblioteca. Despois participaron nunha sesión de contacontos na que escoitaron a narración de 'Bob Esponja visita a biblioteca de Sanxenxo', 'A araña máis intelixente' e 'A pega e os peguiños'.





APRENDENDO INGLÉS DE CAMPAMENTO

O Pazo Emilia Pardo Bazán, en Sanxenxo, vai converterse por sétimo ano nun campamento English House para nenos de 3 a 13 anos nos meses de xullo e agosto.

Os alumnos aprenden e perfeccionan un segundo idioma duna forma amena, mediante a realización de diversas actividades como obradoiros de plástica, música, informática, teatro e deporte, con saídas á praia, excursións ao monte, á piscina ou ao pavillón de Baltar.

O campamento é resultado do convenio suscrito entre o Concello de Sanxenxo e o colexio Los Sauces, que aplica un desconto do 30% aos residentes no municipio.

English House celebrarase de luns a venres, en horario de 9.30 a 14.00 h. Os asistentes estarán divididos en grupos atendendo á idade e nivel de coñecemento do idioma.

Máis información no colexio Los Sauces, no teléfono 986 870 722.



Distribuidor Autorizado
Vodafone



Vodafone en tu Casa Tarifa Plana

Trae tu fijo a Vodafone y disfruta de todas sus ventajas

Tarifa plana a fijos 24 horas/365 días al año.

Tarifa plana a móviles de cualquier operador los fines de semana.
50% de descuento durante dos meses en las llamadas fuera de tu tarifa plana.

Todo por **15€/mes**


power to you

PUNTOS DE VENTA

Portonovo: Crta. De la lanzada nº 11 , bajo | Telf. 672 297 506 | portonovo@rubitel.es

Sanxenxo: C/ Progreso, 24 Bajo | Telf. 667 509 771 | sanxenxo@rubitel.es

Vodafone en tu Casa Tarifa Plana: servicio válido para clientes de Contrato en planes comercializables. Tarifa Plana 15€/mes (17,7 IVA inc) en llamadas a fijos nacionales realizadas desde el domicilio notificado por el Cliente. Recepción de llamadas restringida al domicilio notificado por el Cliente. Establecimiento de llamada incluido en llamadas a fijos nacionales. Límite 3.000 min/mes no acumulables. Superado dicho límite tarificación según el plan de precios del Cliente. Tarifa Plana a móviles fines de semana con plan de precios XS Fines de Semana Gratis (de sábado 00:00 a domingo 23:59h). Límite 350 min/mes no acumulables. Superado dicho límite y resto de días 19,9 cént/min (23,48 IVA inc). Promoción 50% en llamadas durante 2 meses: válida para nuevas líneas móviles que contraten Vodafone en tu Casa Tarifa Plana entre el 01/06/11 y el 31/07/11. 50% de descuento en todas las llamadas realizadas fuera de la tarifa plana a fijos y de la tarifa plana a móviles los fines de semana y en llamadas internacionales durante los dos meses posteriores a la contratación del servicio. Precios aplicables a Península y Baleares. Resto de impuestos aplicables: IPSI Ceuta 8%, IPSI Melilla 4%, IGIC Canarias 0%.



PEPA A LOBA

Os lobos son frecuentes protagonistas na cultura popular galega, na que están presentes baixo moi distintas aparencias. Ás veces, presentanse como animais feroces; outras cunha potencia e poderes extraordinarios; e outras, con inclinacións malditas próximas á loucura.

Esas portentosas atribucións toman corpo en Pepa a Loba, a lenda dunha muller extraordinariamente decidida, posuída por unha enorme forza e valentía. A máis famosa bandoleira galega, cuxo lugar de nacemento na provincia de Pontevedra non está claramente determinado, pero sí hai a certeza de que foi no seo dunha casa humilde. A súa nai era coñecida como A Falucha, mentres o pai era descoñecido, atribuíndo os veciños a paternidade a Albeite, irmán do tendeiro do pobo.

Sendo moi cativa, comezou a traballar no campo coidando as ovellas da súa tía Dorinda e naqueles primeiros anos da súa vida foi cando se gañou o sobrenome de Pepa a Loba, tras enfrontarse a palos cun lobo que atacou ao seu rebaño. Pepa prantou cara ao lobo cun pao coa axuda do seu can, Lueiro, co resultado do lobo morto e a pequena malferida.

Esa fazaña e a morte temprana da súa nai marcaron a infancia de Pepa que, ao quedar orfa, pasou a estar ao coidado de Dorinda, véndose obrigada a mendigar por feiras e mercados e a seguir traballando no campo.

Anos despois, Dorinda obriga a Pepa a vivir co tendeiro do pobo, coa esperanza de que fosen amantes e así conseguir algún trato de favor do comerciante.

Pero o tendeiro, no canto de tratala como unha amante, decide darlle o trato propio dunha filla e contrata a un estudante para que se ocupe da súa formación. Os dous mozos namoranse. E ao pouco tempo o tendeiro é asasinado cun coitelo de cociña clavado no peito. Pepa foi encarcerada como sospeitosa e condenada a cadea perpetua.

Pero
no pobo había sospeitas de que o crime tiña sido

cometido por Albeite, irmán do tendeiro, do que supoñían era pai de Pepa. Ela permanece no cárcere de Pontevedra durante moito tempo, no que se vai convertindo nunha muller chea de rencor e con enormes desexos de vinganza. Disfrazada de cura, consegue fuxir do cárcere, obsesionada con vingarse de Albeite. Axudada unha vez máis polo seu can Lueiro, conseguiu acabar coa vida deste, levando o seu cadáver ao monte para ser devorado polos lobos. Ese sería o primeiro crime de Pepa a Loba, que se ve obrigada a fuxir a vivir ao monte e formar unha banda de bandoleiros cos que realiza numerosos robos, crimes e asaltos.

A provincia de Pontevedra sufríu o maior número de actuacións, asaltos a caminantes, pazos e casas rectoriais. Pero non foi a única. A lenda sitúa as andanzas de Pepa a loba tamén no Cebreiro, onde se contan asedios na Seara do Courel, restitución de bens a vítimas de asaltos en Campelo de Ruqueira ou refuxios en Donís, para ocultarse das autoridades.

Contan que Pepa a Loba morreu nun dos asaltos, cando lle botaron aceite fervendo, poñendo así fin aos días dunha muller que foi temida e admirada, por igual.

O atractivo de Pepa a Loba é tal, que mesmo ten sido fonte de inspiración creativa, literaria e musical. O escritor Carlos González Reigosa publicou un libro no que leva ao plano literario esta figura, que se move entre a lenda e a historia. O autor realiza neste libro un traballo de investigación histórica para facer literatura sobre este personaxe tan destacado do imaxinario colectivo galego. E Os Herdeiros da Cruz titularon co nome de 'A cuadrilla de Pepa a Loba' un dos seus discos.

ESTUDIANTES DE PRIMARIA NO OBRADOIRO MEDIOAMBIENTAL “PINGA A PINGA, AFORRA AUGA”

A Concellería de Medio Ambiente levou a cabo nos primeiros días de maio un obradoiro destinado aos estudantes de 5º de Primaria para fomentar actitudes responsables co entorno.

A iniciativa denominada ‘Pinga a pinga, aforra auga’ pretende concienciar aos escolares da importancia dun correcto uso dos recursos hídricos. Participaron os colexios A Florida, Telleiro, Nantes e Abrente, cuxos alumnos asistiron a unha breve charla sobre o ciclo urbano do auga, analizando conceptos como a captación, potabilización, distribución, almacenamento, eliminación e depuración.

Os participantes recibiron un embudo para facilitar a recollida de aceite nos fogares para non contaminar a auga, evitando ensuciar as tuberías, e un xogo de ordenador de ‘Os sostibles, unha aventura coa auga’.

A sesión completouse cunha visita guiada á depuradora para coñecer in situ o proceso.



VIVEROS O BARREIRO



¡ VISÍTENOS, PRESENTE ESTA REVISTA Y RECIBIRÁ UN REGALO !

C/ Portaris. Nº3 - Lois | 36635 Ribadumia | Telfs. 986 712 031 | 986 715 168

A RUTA DO ALBARIÑO



Moitos quilómetros antes de entrar en Cambados, a aparición das cepas de albariño son o mellor indicador de que deixamos atrás, coa Coruña, a comarca do Ulla; de feito, nada máis entrar en Pontecesures as cores e aromas das uvas vannos indicar que entramos nas Terras do Albariño, o que nos confirmará o paso por Catoira e Arousa, camiño de Cambados, O Grove, Sanxenxo, Combarro e Poio.

Posiblemente, o máis característico da uva sexa o seu aroma, moi semellante ao do Viognier, e con reminiscencias ao albari-coque. O viño albariño é branco, amplo, seco, moi lixeiro e delicioso. E, aínda que a mediados do século pasado, correu perigo de desaparecer pola súa delicadeza e o seu escaso rendemento,

GALICIA É UNHA TERRA RICA EN VIÑOS, SOBRE TODO EN BRANCOS, QUE DESDE SEMPRE FOI VALORADA POLOS SEUS CALDOS, GRAZAS AO AGARIMO EXQUISITO DOS COLLEITEIROS Á AQUELAS CEPAS QUE MOITOS ANOS ATRÁS PRANTARAN OS AVÓS DOS SEUS AVÓS. ENTRE A AMPLA VARIEDADE DE OPCÍONS DE CALIDADE DA QUE GOZAN OS COMENSAIS, O ALBARIÑO RECIBE AS MÁIS MERECIDAS LOANZAS.

comparado coa fortaleza e o maior volume producido polas cepas híbridas que dan un viño de baixa calidade, o seu prestixio fixo recuperar as cepas autóctonas, a partir de 1960, pasando a considerarse coma unha das variedades autóctonas máis importantes entre as 220 variedades catalogadas en Galicia.


É precisamente en Cambados onde podemos situar o corazón da comarca, e é aquí onde na primeira fin de semana de agosto ten lugar a internacionalmente coñecida Festa do Albariño; festa que principiou en 1953 para dilucidar cal era a mellor colleita de albariño de 1952. Actualmente, esta festa xunta en Cambados arredor de 150.000 persoas, nunha das citas máis importantes do calendario festivo galego.



CONTA A TRADICIÓN QUE FORON OS MONXES CLUNIACENSES ALEMÁNS OS QUE ALÁ POLO SÉCULO XII TROUXERON AO MOSTEIRO DE ARMENTEIRA AS PRIMEIRAS CEPAS DE ALBARIÑO.

Pero Cambados non só é viño. É unha localidade pegada ao mar, cun porto digno de pasear, que posúe unha nobreza de vello. A Moi Nobre Vila de Cambados posúe un dos conxuntos arquitectónicos máis fermosos e fotografados de Galicia, a praza de Fefiñáns, pero todo o seu contorno merece unha visita repousada.

As cepas de Albariño comezan a minguar a medida que nos alonxamos de Cambados e os achegamos a O Grove, onde será un pracer para os sentidos deterse a saborear o viño da comarca xunto aos abundantes mariscos que lle deron sona internacional e reúnen cada ano a milleiros e milleiros de comensais na súa Festa do Marisco, que cada ano ten lugar en torno ao 12 de outubro. De indubidable interese é a visita á termal illa da Toxa e o baño na paradisíaca praia da Lanzada.



DESCUBRA UN DESTINO ÚNICO Y DÉJESE SEDUCIR POR NUESTROS ENCANTOS



Para visitas guiadas y
reservas llamen al teléfono
986 55 55 62
(pax de contacto Carolina)



La bodega Agro de Bazán es el marco ideal para disfrutar de la apasionante cultura del vino y acompañado de la mejor gastronomía autóctona.

Disponemos de los mejores marcos para acertar, bellos y elegantes salones, medios técnicos y cualificados equipos humanos.

Le ayudamos a elegir el mejor espacio para un servicio totalmente personalizado en banquetes nupciales, comidas de empresa, congresos, convenciones, etc....

Todo está cuidado para el mejor servicio la arquitectura, a la belleza y como no a nuestros visitantes.



Tremoedo 46 , 36628 (Vilanova de Arousa) Pontevedra
comercial@agrodebazansa.es, www.agrodebazansa.es

Coordenadas GPS:
w 8.78697- N 42.53989



Sanxenxo, capital turística das Rías Baixas, foi no seu orixe unha vila mariñeira, pero o seu emprazamento privilexiado e a súa gran oferta de ocio fan que na actualidade o turismo multiplique nun 300% a súa poboación. Portonovo é o seu maior núcleo urbano, e a súa oferta de restaurantes, tabernas e marisquerías tan ampla como diverso é o perfil dos visitantes da comarca. Ademais, dispón de porto pesqueiro e dunha importante e moderna lonxa.



O VIÑO ALBARIÑO É BRANCO, AMPLO, SECO, MOI LIXEIRO E DELICIOSO.

As últimas paradas deste recorrido polas terras do Albariño lévanos ata Combarro e Poio.

Aínda que a produción vitivinícola da vila de Combarro, conxunto de interese histórico-artístico, é pequena, resulta un auténtico pracer para os sentidos beber unha copa de viño da comarca mentres saboreamos un prato de peixe ou marisco fresco e admiramos os seus famosísimos hórreos.



Remata a nosa excursión en Poio, onde nos despedimos da comarca do Albariño e onde cada 28 de setembro se celebra a Festa da Vendima; esta festa ten lugar no espectacular mosteiro de San Xoán. Este complexo milenario que ata o século XIX foi o centro do goberno feudal que exerceu o dominio destas terras é hoxe en día un dos máis importantes centros culturais da comarca.

Este concello bañado polo mar entre bosques piñeiros conta con praias recollidas, que resultan ideais para vacacións tranquilas, e con estupendas instalacións hoteleiras.

Pero o interior do concello tamén nos dá posibilidades de ocio singulares, como a Ruta dos muíños de Samieira, que conta con máis de vinte muíños, algúns deles en pleno funcionamento.

Cun brindis nos despedimos das Terras do Albariño ata moi pronto.



Para sus reuniones familiares o de empresa, disfrute de los salones del Parador de Turismo de Cambados situado en el antiguo Pazo Bazán en el centro de Cambados

Paseo de la Calzada, s/n | 36630 Cambados
Telf.: 986 54 22 50 Fax: +34 986 54 20 68 | e-mail: cambados@parador.es

DESCUBRA

LA MAYOR EMPRESA ESPECIALIZADA EN SERVICIO DE APARCAMIENTO EN LOS AEROPUERTOS



lavacolla

APARCAMIENTO

SU SERVICIO A BAJO COSTE

P
24
HORAS

ENTREGA Y RECOGIDA
EN EL AEROPUERTO



www.lavacolla.com

✈ **VIGO** **986 285 987**

Av. Aeropuerto 686

✈ **SANTIAGO** **981 897 047**

Rúa Noval, 19



**Lavacolla te Lleva al Caribe
y Regala Cientos de Viajes**

Bases del Concurso en: www.lavacolla.com

6€ **24HRS**
5€
A PARTIR
DEL 5º DÍA

Barcelona - Madrid - Santiago
Sevilla - Valencia - Vigo - Lisboa



O PARQUE ARQUEOLÓXICO DA ARTE RUPESTRE DE CAMPO LAMEIRO ABRIRÁ ESTE ANO




As Rías Baixas caracterízanse pola riqueza e diversidade do seu patrimonio arqueolóxico, sendo os gravados rupestres ao aire libre –petroglifos– os elementos máis significativos e emblemáticos. Están localizados en peñascos e pedras graníticas, presentan un surco moi erosionado e, en ocasións, difícil de observar. Polo xeral, diferencianse dous tipos de deseños: os figurativos, que representan cervos, cabalos, figuras humanas e armas; e os abstractos, que reproducen incomprensibles combinacións circulares.

Os conxuntos de petroglifos sitúanse nas ladeiras das serras, ás veces rodeando brañas ou nas liñas de tránsito que comunican estas zonas cos lugares onde estaban os poboados. E, comunmente, eran expresións artísticas das sociedades prehistóricas relacionadas con actividades de carácter ritual ou relixioso.

A maior concentración de gravados rupestres de Galicia discorre ao longo do curso medio do río Lérez ao seu paso polos municipios de Campo Lameiro e Cotobade. E para asegurar a súa conservación, está en proxecto o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre en Campo Lameiro, que se abrirá en 2011, no marco da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico.

O Parque Arqueolóxico estará situado no monte Paradela, entre os lugares de Paredes e Praderrei, ocupando unha superficie de 218.720 metros cadrados que reúne medio centenar de pedras con gravados. Estas pezas constitúen un importante referente e para o seu estudo, contará cun Centro de Interpretación e documentación de preto de 5.000 metros cadrados. O Centro de



PETROGLIFOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A provincia de Pontevedra é unha das zonas de Europa con maior concentración de grabados rupestres, sobre todo petroglifos. Os principais achagos produciéronse no val do río Lérez, no municipio de Vigo e na comarca do Baixo Miño. Desde os de Campo Lameiro ata o castro de Santa Tegra na desembocadura do Miño, pasando por Cotobade (a "Pedra das Ferraduras" en Fentáns) ou os labirintos de Mogor en Marín.

Máis recentemente, tras os incendios de 2007 que deixaron ao descuberto numerosas superficies graníticas ilustradas con gravados, localizaronse no Monte Xiabre, no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, doce novas estacións rupestres con 27 superficies gravadas. Os motivos máis representados son as cazolotas, pero tamén aparecen combinacións circulares, alfabetiformes, cruciformes ou ovaladas.

Coa cantidade de superficies gravadas descubertas na zona, o Monte Xiabre convértese nun interesante foco de arte rupestre de gran atractivo, unido ás súas excepciónais condicións como mirador para ter unha visión espectacular da Ría de Arousa e do seu conxunto de illas, a Illa de Arousa, a Toxa, Cortegada, Ons e Cíes.

Interpretación da Arte Rupestre ten, entre outros obxectivos, a ampliación expositiva dun ámbito territorial no que se atopan varios e importantes conxuntos de gravados e que coa recuperación paisaxística deste ámbito permite unha maior comprensión destes elementos no seu entorno natural e garantir a súa protección e conservación.

Esta faceta divulgativa do patrimonio complementarase coa creación dun Centro de Investigación e Documentación da Arte Rupestre, que permita dispor da infraestrutura necesaria para a súa catalogación, estudo e análises.

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre favorecerá a protección e conservación dunha manifestación cultural extraordinariamente frágil e contribuirá á divulgación da riqueza do patrimonio de arte rupestre ao aire libre, tan amplo en Galicia.

¿SABÍAS QUE...?

A futura Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico, que promove a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, estará integrada polo Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro (Pontevedra), o Centro de Interpretación e Museo da Romanización de Lugo, o Parque do Megalitismo da Costa da Morte (A Coruña), e o Parque de San Cibrao de Las (Ourense), para ofrecer unha visión ampla e completa do noso patrimonio arqueolóxico ao longo das catro provincias. Os dous primeiros centros abrirán en 2011: o de Campo Lameiro e o de San Cibrao de Las.

A Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico pretende ser un instrumento para que as raíces da nosa cultura estean protexidas e conservadas.

OCIO

MÚSICA



Nanas tradicionais e arrolos para levar ao sono aos máis pequenos. No disco interveñen, amáis de Guillermo Fernández e Xabier Díaz, de Berrogüetto, outros oito artistas que están iniciando a súa carreira musical e poñen voz a arrolos do cancionero tradicional, rescatados agora para o disfrute dos nenos e dos adultos.



ARROLOS DE SALITRE

Nanas tradicionais e arrolos para levar ao sono aos máis pequenos. No disco interveñen, amáis de Guillermo Fernández e Xabier Díaz, de Berrogüetto, outros oito artistas que están iniciando a súa carreira musical e poñen voz a arrolos do cancionero tradicional, rescatados agora para o disfrute dos nenos e dos adultos.

SOAS, DE CRISTINA PATO E ROSA CEDRÓN

"Soas" é o resultado creativo da combinación de dúas artistas galegas de proxección internacional: a pianista e gaiteira Cristina Pato e a cantante e violonchelista Rosa Cedrón.

"Muller" o tema principal do seu primeiro traballo xuntas, impregnado de amor e paixón. Para construír "Muller", Cristina e Rosa seleccionaron algunhas das cancións tradicionais galegas máis significativas: María Soliña, Unha noite na eira do trigo e Heicho de dar e arraxáronas para voz, piano e orquestra. Tamén incluíron as súas propias composicións nun disco que combina dous partes de sensibilidades complementarias: Soas, piano e voz e Soas, coa Bratislava Symphony Orchestra, interpretando os arranxos do compositor galego Octavio Vázquez.

KOSMOGONIAS, de BERROGÜETTO



Un dos grupos galegos claves e con maior repercusión a nivel internacional. Nominado en 2002 aos Premios Grammy Latino na categoría de "Mellor álbum de folk". Berrogüetto introduce interesantes matices de innovación e experimentación na música tradicional gallega.

Compuesto por once temas, Kosmogonias es é unha reflexión entre a humanidade e a súa relación co universo, unha chamada chea de optimismo cara a consecución dun sistema de organización máis xusto. Coa voz de Xabier Díaz e a aportación de todos os seus compoñentes, Berrogüetto inspírase en aquelas vontades colectivas ou individuais que cos seus xestos e actitudes traballan para mellorar a súa contorna.

20 AÑOS, DE CÓMPLICES



O grupo vigués celebra dúas décadas no mundo da música coa publicación do disco 20 anos, nel, Teo Cardalda e Maria Monsonis versionan os seus éxitos coa colaboración de artistas como El Sueño de Morfeo, Pignoise, Mónica Naranjo, Diana Navarro, Sole Giménez, Iván Ferreiro, Rosana, Nacho Campillo, Huecco, Javier Ojeda, Navajita Plateá, Jaime Terrón (Melocos), Álvaro Urquijo e David DeMaría.

COUSAS DE

¡DESCARGA AHORA TODAS NUESTRAS REVISTAS ENTRANDO EN NUESTRA WEB!

WWW.COUSASDE.COM



Llama al:
900 10 35 38
y olvídate de
las humedades.

Visita y
diagnóstico
GRATUITOS



MURPROTEC®

Tratamientos **Definitivos** Contra la Humedad desde 1954
www.murprotec.es

CONMEMORACIÓN DO 800 ANIVERSARIO DA CATEDRAL DE SANTIAGO

Máis información www.catedralsantiago800.com

REAPERTURA DO MUSEO DA CATEDRAL

En agosto terá lugar a reapertura do Museo da Catedral tras a remodelación dos seus dous primeiros andares, dedicados á historia da Catedral desde as súas orixes ata o século XVIII. Trátase dunha intervención profunda de renovación museográfica e posta en funcionamento dun novo percorrido expositivo que permitirá ter acceso a pezas únicas procedentes da Catedral románica e afondar no proceso construtivo do templo ao longo dos séculos. O novo Museo, adaptado ás últimas esixencias museográficas e de conservación, concíbese como una viaxe a través do tempo.

23-28 de agosto

COMPOSTELA ORGANUM FESTIVAL

Os órganos históricos das igrexas de Santiago serán os protagonistas dun ciclo polo que pasarán organistas e agrupacións sinaladas do panorama cultural europeo. Grazas a esta iniciativa cultural prodúcese a revitalización dun instrumento de forte presenza musical nas igrexas e nos que se aúnan escultura e pintura con elementos propiamente sonoros, o que fai deles auténticas pezas de arte con entidade propia no conxunto arquitectónico ao que pertencen.

Martes 23 de agosto, igrexa das Ánimas. Vicent Bru / Calpul Múrice

Mércores 24 de agosto, igrexa de San Miguel dos Agros. Luis Lledias

Xoves 25 de agosto, Catedral de Santiago. Esteban Landart

Venres 26 de agosto, igrexa da Universidade. Ana Aguado

Sábado 27 de agosto, igrexa da Universidade. Capilla de Extravagantes

Domingo 28 de agosto, igrexa de San Paio. Andrés Cea & Ishbylia Consort

12 a 18 de setembro

MÚSICAS DA ITINERANCIA

Baixo o título **Tropeiros galegos medievais e a súa época**, Santiago será escenario dun festival internacional de música medieval cuxos protagonistas serán as composicións musicais dos xograres da Idade Media, cando o galego era a principal lingua de expresión musical, mesmo na corte do rei Afonso X o Sabio.

Igrexa de San Domingos de Bonaval

Luns, 12 de setembro. Cuarteto de Urueña (Castela)

Martes, 13 de setembro. Santenay (Alemania)

Mércores, 14 de setembro. Grupo 1500 (Galicia)

Xoves, 15 de setembro. Via Artis Consort (Dinamarca)

Vernes, 16 de setembro. Vox Suavis (Suiza)

Sábado, 17 de setembro. Ensemble Tre Fontaine (Francia)

Domingo, 18 de setembro. Martín Códax (Galicia)

28 e 30 de setembro

ÓPERA – REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

G. ROSSINI, IL BARBIERE DI SIVIGLIA. Auditorio de Galicia

ATARDECER NO GAIÁS. MUSICA NO LUSCOFUSCO

A praza da Cidade da Cultura converterase no escenario perfecto para gozar das anoitecidas de verán dende o monte Gaiás, mentres se escoita un concerto de música clásica, unha sesión de música electrónica ou un concerto de jazz. Toda unha combinación de sensacións que creará unha atmosfera hipnótica no momento máximo do luscofusco.

Todos os concertos terán lugar ás 21:00 h.

4 Agosto.

POESÍA.

Olalla Cociña e Bernardo Martínez

5 Agosto.

MÚSICA POP.

Le Corps Mince de Françoise

6 Agosto

MÚSICA CLÁSICA.

Jorge Montes e Alejandro Sanz

11 Agosto

ELECTRÓNICA.

DJ Ino

12 Agosto

POESÍA/ MÚSICA.

Ugia Pedreira & Fred Martins

13 Agosto

BRASILEIRA.

Najla Shami / Serginho Sales

19 Agosto

POESÍA.

María Lado e Mig Seoane

25 Agosto

POESÍA.

Rivadulla Corcón e Franky Valencia

26 Agosto

MÚSICA CLÁSICA.

Simona Kantcheva e Palmen Velev

27 Agosto

MÚSICA POP

Klaus & Kinski

1 Setembro

POESÍA

Mercedes Villegas
e Antonio Calvache

2 Setembro

ELECTRÓNICA

Fatfish Dj

8 Setembro

MÚSICA CLÁSICA

Ensemble Galante

9 Setembro

MÚSICA ANTIGA

Grupo Meendinho

10 Setembro

Concerto de clausura

VISITAS Á CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura de Galicia ponse en marcha coa apertura ao público do Arquivo e da Biblioteca de Galicia. Nesta nova etapa, os cidadáns poden acceder libremente á parte rematada do complexo, para visitar estes dous edificios e as exposicións que acollen. Ademais, continuarán ofertándose visitas guiadas gratuitas todos os días.

Apertura ao público do recinto: 8 a 20 h. / Todos os días da semana. Permítese o acceso en vehículo privado.

Atención ao público do Punto de Información: 10 a 14 h. / 16 a 20 h. / Todos os días, agás o luns.

Atención ao público da Biblioteca e Arquivo: 8.30 - 14.30h. Luns á venres.

Visita ás exposicións: 8:30 a 14:30 h. / 16 a 20 h. Todos os días da semana.

Visitas guiadas: 12:30 e 18:30 h. / Todos os días agás o luns / Saída dende o Punto de Información (Espazo On).

Visitas para grupos: visitas.cidadedacultura@xunta.es tlf: 881 997570.

¡VIVE SANXENXO!



Ferretería
Volvoreta

Telf./Fax: **986 720 256**
Móvil José: **666 903 359**
Móvil Ferretería: **691 670 945**

www.ferreteriavolvoreta.com • e-mail: ferreteriavolvoreta@gmail.com

Rúa dos Cesteiros, 3
(al lado Banco Bilbao)
36690 **SANXENXO**

Estética atrevida

**ROSARIO
DEZA**

- Micropigmentación
- Depilación por láser
- Depilación eléctrica
- Surtido de joyas piercing
- Tatoo y piercing
- Joya dental

CITA PREVIA E INFORMACION:

Telf. 986 720 692 - Móvil 696 994 591 - Rúa Madrid, 47 - SANXENXO
rosariodeza@hotmail.com

SERVIZOS E TELÉFONOS DE INTERESE DE SANXENXO

ORGANISMOS MUNICIPAIS

Sanxenxo	
Concello	986 720 075
Oficina de Turismo	986 720 285
Oficina Municipal de atención ao consumidor	986 720 075
Oficina Municipal de Información xuvenil	986 690 077
Servicios Sociais	986 727 901
Portonovo	
Oficina de Turismo	986 723 044

OUTROS ORGANISMOS

Sanxenxo	
Correos e Telégrafos	986 721 087
Xulgado de Paz e Rexistro Civil	986 720 039
Porto deportivo	986 720 517
Club Náutico	986 720 059
Portonovo	
Instituto Social da Mariña	986 721 009
Capitanía Marítima Portonovo	986 720 892
Club Náutico Portonovo	986 723 266
Lonxa de Peixe	986 721 012

FORZAS DE SEGURIDADE

Sanxenxo	
Policia local	986 720 072
Garda Civil	986 720 252

EDUCACIÓN

Vilalonga	
I.E.S.P. Vilalonga	986 744 953

SAUDE

Sanxenxo	
Emerxencias	986 727 070
Centro médico Sanxenxo	986 720 917
Policlínica O Pazo	986 690 916
Centro de Saude Sanxenxo	986 691 995
Farmacia Progreso (Cecilia Glez.)	986 720 042
Farmacia Progreso (David M. Fdez.)	986 724 278
Farmacia Puerto	986 690 935

Portonovo	
Cita Previa	986 723 128
Centro de Saude Baltar	986 724 510
Farmacia (Caramés y Corral)	986 720 807
Farmacia (A. Méndez Besada)	986 691 002

Vilalonga	
Centro de Saude	986 745 767
Farmacia	986 743 008

Outros	
Farmacia A Vichona (A. Diaz Nieva)	986 691 944
Farmacia Noalla (M ^a Carmen Carballal Veiga)	986 742 060

PARADAS DE TAXI

Sanxenxo	986 720 096
Portonovo	986 720 160
Vilalonga	986 744 353

PARROQUIAS

Sanxenxo	
Parroquias de Sanxenxo	986 720 117
Portonovo	
Parroquia de Sta. María de Adina	986 720 296
Outros	
Parroquia San Xoan de Dorrón	986 740 197
Parroquia de San Esteban de Noalla	986 743 154

GASOLINEIRAS


Sanxenxo	986 720 746
Vilalonga	986 743 070

CENTROS VETERINARIOS

Sanxenxo	986 691 845
-----------------	-------------

TRANSPORTE URBANO

Ruta A	 Dorrón - Nantes
Ruta B	 Aios - Arra





ORGANISMOS OFICIAIS

Pontevedra e provincia

Oficina de Turismo (Xunta de Galicia)	986 850 814
Oficina de Turismo O.A.L Turismo	986 842 690
Oficina de Turismo de Vigo	986 430 577
Oficina Municipal de Turismo de Sanxenxo	
Oficina Municipal de Turismo de Tui	986 601 789
Oficina Municipal de Turismo de Marín	986 880 300
Oficina Municipal de Turismo de O Grove	986 731 415
Concello Pontevedra	986 804 300
Deputación de Pontevedra	986 847 319
Seguridade Social Pontevedra	986 805 800
Depósito de Vehículos-Grúa Pontevedra	986 858 710
Xulgados	986 862 846
DNI e Pasaporte	986 852 408

Xerais

Rexistro Civil	986 833 018
Tribunal Constitucional	915 490 400
Inserso	900 211 112
Instituto Nacional de Seguridade Social	986 805 800



EMERXENCIAS E FORZAS DE SEGURIDADE

Pontevedra e provincia

Emerxencias	112
Policia Nacional	091
Policia Local	092 / 986 851 972
Policia Autonómica	986 851 368
Garda Civil	062 / 981 167 800
Protección Civil	986 86 30 36 / 981 220 102
Cruz Vermella	1003 / 986 852 077
Bombeiros	986 434 133 / 986 872 220
Salvamento/Seguridade Marítima	986 845 300
Servizo de Defensa contra Incendios Forestais	986 851 520

Xerais

Garda Civil Tráfico	986 855 654
Axuda en estrada	917 421 213
Teléfono Teleruta	900 123 505
Servizo de Atención ao Soldado e Mariñeiro	915 270 527
Oficina do Defensor do Soldado	915 769 225
SOS Galicia 112	900 444 222
Salvamento marítimo	900 202 202
Incendios Forestais	085
Garda Civil	062



SAUDE

Pontevedra e provincia

Urxencias Médicas	061
Hospital Provincial	986 855 500
Hospital Montecelo	986 800 000
Sanatorio Domínguez	986 856 800
Sanatorio Sta. Rita	986 854 400
Persoas Discapacitadas	986 865 538

Xerais

Axuda ao menor, S.O.S. Galicia	900 444 222
Centro de Transfusións Sanguíneas de Galicia	981 594 422
Asociación Española Contra o Cancro	900 100 036
Información sobre a Sida	900 111 000
Mulleres maltratadas	902 197 197



OUTROS ORGANISMOS

Fenosa (Averías)	901 380 22
Repsol Butano	900 506 070
Renfe (información xeral)	902 240 202
ONCE	981 206 900



AEROPORTOS

Peinador Vigo (50 km)	986 268 200
Lavacolla Santiago (80 km)	981 547 501
Alvedro A Coruña (140 km)	981 187 200



ESTACIÓNS DE TREN

Pontevedra (18 km)	986 851 313
Vilagarcía (24 km)	902 240 202
Vigo (40 km)	986 431 114
Santiago (75 km)	981 820 202
A Coruña (139 km)	981 150 202



ESTACIÓNS DE AUTOBUSES

Sanxenxo	902 292 900
Pontevedra (18 km)	986 852 408
Vilagarcía (24 km)	986 507 723
Vigo (45 km)	986 373 411



TELÉFONOS DE CANDELACIÓN DE TARXETAS BANCARIAS DE ESPAÑA

4B-VISA Electron-Master Card-VISA	902 114 400 / 913 626 200
Dinner's Club	902 401 112
Servired (VISA-VISA Electron-Master Card)	902 192 100
American Express	902 375 637
Red 6000	915 965 335
Caja Madrid	902 246 810
El Corte Inglés	901 122 122

QUÉN E QUÉN NO RUEIRO



RÚA DE RAMÓN CABANILLAS

Ramón Cabanillas Enríquez (Cambados, 3 de xuño de 1876, 9 de novembro de 1959) foi un poeta galego. Considerado dentro da literatura galega coma o enlace entre o Rexurdimento e a modernidade literaria do século XX, a crítica suele encadralo ben nunha xeración intermedia, a chamada *Xeración entre Dous Séculos*, ben coma un membro máis da xeración literaria xurdida á luz das *Irmandades da Fala*.

A súa profunda formación clásica provén da súa estadía nun seminario. Durante algún tempo viviu en Cuba, regresando o seu país para desenvolver diversos cargos burocráticos. No ano 1917 publicou *Da terra asoballada* onde abundan as composicións de carácter reivindicativo da identidade política e cultural de Galicia. Anteriormente xa publicara outro poemario co mesmo espírito crítico titulado *No desterro*. En *Vento mareiro* e *A rosa de cen follas*, insistiu na descrición da vida e a paisaxe mariñeira da súa terra, así coma en contar as costumes da Galicia campesiña. En *Caminos do tempo*, recuperou o sentimento céltico pondaliano; a Eduardo Pondal precisamente dedicoulle o seu discurso de ingreso na Real Academia Española en representación da lingua galega o 26 de maio de 1929. Cabanillas tamen escribiu teatro: *O mariscal* sobre a execución do mariscal Pardo de Cela polos Reis Católicos as portas da catedral de Mondoñedo, vendo nel, o seu autor, a vinganza do poder central castelán contra os señores feudais galegos, e *A man da santiña*.

COUSAS DE

SI QUIERES TRABAJAR EN NUESTRO
DEPARTAMENTO COMERCIAL...
ENVÍA TU CV A:
cousasde@edicionesbasan.com





● Estudio y Análisis

Nuestros auditores, realizarán una pequeña **Toma de Datos**.

Los resultados pasarán un minucioso **Análisis**.

Te asignamos un consultor.

Se estudia un **Plan de Ahorro** que seguro te hará ganar dinero.



● Tu Solución de Ahorro

Presentamos un estudio que te permitirá **Imprimir más y Ahorrar** hasta un **25%** en tus facturas mensuales.



*La impresión
deja de ser un gasto*

AUDITORÍA
GRATIS

981 519 670

 www.foga.es

www.racingdakart.com

KARTING

RACING DAKART

SANXENXO & CORUÑA



986 723 977
647 616 347
PLAYA
MAJOR



981 632 589
620 849 098
marineda
city

CARRERAS DE GRUPOS
EVENTOS EMPRESA
DESPEDIDAS
CUMPLEAÑOS ...



ABIERTO TODOS LOS DÍAS